

DESPOIS DO LUME: INCENDIOS FORESTAIS E PROTECCIÓN DO SOLO

LUCAS DOMÍNGUEZ, NICOLÁS

Dpto. de Bioloxía e Xeoloxía, IES Pontepedriña, Santiago

PINTOS MOREU, ESTELA

Dpto. de Debuxo, IES Pontepedriña, Santiago

NOVO PLATAS, ÁNGELA

Dpto. de Tecnoloxía, IES Pontepedriña, Santiago

(Proxecto de divulgación e concienciación ambiental)

Participación nun concurso da FAO para incentivar a reflexión sobre impactos nos solos

O balance en vidas humanas e danos materiais en Galicia e Portugal da vaga de lumes forestais en outubro de 2017 levou a unha situación de grande alarma social. Dende o departamento de Bioloxía e Xeoloxía do IES Pontepedriña coordinamos unhas actividades informativas, de investigación e concienciación, aproveitando que o lema do Día Mundial do Solo para este ano, “*Caring for the Planet starts from the Ground*”, encaixaba cos nosos obxectivos. A idea básica foi utilizar como actividade motivadora central a participación no “Concurso de Pintura con Solos” (*Soil Painting Competition*), de xeito que a obra relatase a destrución de vexetación e dos solos, pero incidindo nos labores de mitigación posteriores ao incendio.

Contamos coa colaboración de Rafael Zas, investigador do Grupo de xenética e ecoloxía forestal da Misión Biolóxica de Galicia -CSIC e participante nun grupo cidadán de voluntariado no concello de Pontecaldelas. Trátase dun dos lugares onde a poboación temeu polas súas vidas e vivendas na noite do 15 de outubro e onde, posteriormente, se organizaron labores de mitigación do impacto nas zonas incendiadas máis susceptibles á erosión utilizando a técnica de *mulching* con palla.

A celebración do Día Mundial do Solo (5 de decembro) foi o punto de referencia do *Proxecto Despois do Lume*, aínda que trasladamos a celebración ao 30 de novembro por criterios organizativos. Previamente, rexistramos o evento na páxina web de FAO-WSD. No día escollido pintaríase a obra no distribuidor central, o espazo máis visible do instituto, no que situamos os paneis dunha exposición fotográfica que permaneceu varias semanas. Organizáronse tamén charlas informativas: “*Os incendios forestais en Galicia: un problema complexo inundado de opinións infundadas*” na que Rafael Zas se referiu aos aspectos ecolóxicos e á análise da causalidade, mentres que Gloria Bustingorri explicaba a organización dos labores posteriores ao incendio do voluntariado.

Formamos dous equipos entre o alumnado de 14-15 anos de idade (3º e 4º de ESO). Un deles, dirixido por Estela Pintos do departamento de Plástica, centrouse na preparación dos pigmentos de orixe edárfico e vexetal, do deseño do mural e da execución da obra nun espazo público. Un segundo equipo, dirixido por Anxa Novo do departamento de Tecnoloxía, ocuparíase do rexistro de imaxes de todo o proceso, incluíndo a preparación do vídeo co *time lapse* do proceso de pintado para enviar ao concurso da FAO. Había tamén un terceiro grupo de alumnas que interpretaron a música de fondo do vídeo .

Ademais das saídas locais para observar perfís de solo e recollida de mostras para a obtención de pigmentos, a actividade previa fundamental realizada en novembro foi unha visita ás zonas queimadas,

guiada por investigadores e técnicos forestais que participaran tamén en labores de voluntariado. Os dous equipos coñeceron a problemática, recompilaron material gráfico, realizaron entrevistas, e recolleron cinza e carbóns a empregar na realización do mural.

Este traballo gañou o primeiro premio no concurso da FAO-GSP na categoría 12-18 anos, pero xa antes do anuncio do mesmo proseguimos ao longo do curso con actividades adicionais de divulgación, e hai máis planificadas para o ano escolar 2018-2019:

- En decembro, antes do anuncio do premio, implicamos no proxecto a maioría do alumnado de 12-13 anos mediante a xerminación de sementes de *Quercus*, destinada á súa plantación no outono vindeiro. Daquela a *Sociedad Española de la Ciencia del Suelo* (SECS) xa mostraba un grande interese polo noso proxecto e comezamos a colaborar cunha primeira publicación no seu boletín semestral de noticias.
- Xunto coa Delegación Territorial da SECS en Galicia, organizamos para o 25 de abril unha segunda charla “*Restauración hidrolóxica e forestal post-incendio*”, a cargo de Agustín Blond, do Servizo de Montes de Pontevedra, e planificamos a seguinte. “*Restauración de solos queimados*”, con persoal investigador do IIAG-CSIC.
- Na primavera organizamos presentacións orais do proxecto, a cargo do propio alumnado premiado. A primeira, realizada o 14 de maio, estaba dirixida a un grupo de estudantes do CPI de Bembibre, en visita ao noso centro para unha xornada de literatura española previamente programada. A segunda, realizada o 13 de xuño, foi unha presentación ante os medios de comunicación con participación tanto de representantes da SECS e da universidade como de autoridades da Xunta (Conse lleiro de Educación e Conselleira de Medio Rural).
- Xa en xullo estivemos no congreso internacional “*LandCare for the Future*” presentando o póster do noso proxecto (*Fire Impacts and soil Painting: a Teaching Project*). Aproveitando a súa estancia en Compostela para asistir ao congreso visitounos Jorge Mataix -presidente da SECS- para coñecer máis en detalle o noso proxecto.



Obra gañadora (3m x 2m) do Concurso de Pintura con Solos 2017 da FAO-GSP, na Categoría B (12-18 anos de idade) do equipo español (IES Pontepedriña, Santiago de Compostela, Galicia, Spain).

Para información máis detallada véxase o espazo do Departamento de Bioloxía do IES Pontepedriña en <http://www.edu.xunta.gal/centros/iespontepedrina/node/646>